

CHARLA POR DON RAMIRO¹²³

Cando era neno, a miña nai levoume a unha velada na que o número forte eran os monicreques de Barriga Verde¹²⁴. Eu asegúrolles que desde o momento en que Barriga Verde se meteu detrás dunhas mantas vellas e fixo a presentación do seu pequeno mundo, no que se vivía toda unha traxedia salferida de certo humor, comecei a preocuparme polas cousas dos homes.

A esta primeira presenza duns monicreques que executaban xustiza ou inxustiza por medio dun mecanismo que manexaba un home na sombra, débolle a miña comprensión clara dos feitos humanos ou inhumanos dos homes para cos seus semellantes.

Sei que moitos de vostedes están pensando: “Pero a que vén isto dos monicreques, se do que nos debe falar é de pintura ou do pintor”. Pois, amigos, aí é onde lle doe: se ao home, sexa campesiño, pintor, obreiro ou escritor lle pasan desapercibidos os feitos humanos ou inhumanos que ve e oe ao seu arredor, será un home negativo; nada achegará a este mundo para que nel reine a alegría de vivir.

A pintura hoxe está en decadencia, é unha apreciación dun home que leu moi pouco e que cada vez le menos aos señores que nos falan da arte pictórica. Os meus coñecementos non son literarios, son dun auténtico obreiro que, con todo respecto, sempre que ten ocasión estuda e sente diante das obras mestras que nos deixaron outros obreiros da pintura; a eles e ao meu traballo diario débolles a interminable lección e a valentía de dicir, aquí e onde sexa, que os pintores estamos pasando por un dos momentos máis decadentes da Historia da Arte.

Sempre crin, e sigo créndoo, que un pintor é un ser dunha gran vocación. É un ser predestinado, cunhas condicións innatas para loitar con afouteza contra toda incompreensión da miopía crítica. Nunha palabra, é un home que está certo de que, no máis fondo da súa alma, oe a chamada dun mundo de cores e formas que queren saír á luz do día. Un ser así é un pintor en potencia. Os outros, aínda que pinten, entran

123 · Don Ramiro, heterónimo utilizado por Laxeiro.

124 · Conferencia pronunciada en 1965 no Museo de Artes Plásticas de La Plata, Arxentina, co título *Los barrigas verdes de la pintura*. Publicado con este título en CASTRO FERNÁNDEZ, X.A. et al. *Laxeiro, op. cit.* e CARUNCHO AMAT, L.M. *Laxeiro, op. cit.* *Barriga Verde* foi unha compañía de monicreques fundada por José Silvent Martínez. Ver nota 90 da presente publicación.

no mundo que manexan na sombra os farsantes barrigas verdes. Claro está: son monicreques manexados por infinidade de cordas e resortes. Caeron na trampa.

Despois da última guerra mundial, escritores moi sutís e de gran talento literario fixeron unha literatura que nos fala da morte e da destrución da humanidade. Eu non nego que tales escritores, valéndose da realidade devastadora da guerra, non fixeran grandes obras literarias pero tampouco nego que esta literatura foi mortal para o pintor.

A obra do pintor non ten nada que ver coa obra do escritor, xa que este crea coa palabra escrita e o pintor coa cor posta na superficie dunha tea ou dun papel. Se un cadro ten que ser explicado é que aínda non está pintado. O cadro non precisa que ninguén o explique, deféndese de seu¹²⁵.

A literatura de posguerra creou unha pintura que, nos máis dos casos, só está ao servizo da mesma literatura; por iso o pintor hoxe é un espectáculo entretido para o oído, pero é unha tristura para a vista.

Esta é a época das mesas redondas e dos debates en público. Nunca o pintor estivo tan preparado para estes espectáculos. Conta cunha abundante literatura que é capaz de escribir sete tomos, explicándonos o contido dun lenzo en branco ou dun marco sen cadro. Non nego a posibilidade de que un escritor xenial sexa capaz de escribir un cumprido libro falándonos da nada e que o tal libro sexa unha obra mestra da literatura; pero nego rotundamente que unha tea sen materia sentida sexa un cadro. Un cadro sen nada non di nada e un marco sen cadro é unha ventá aberta para o suicidio¹²⁶. Pois a nada é a que se ve enmarcada nas grandes exposicións nacionais, internacionais e particulares. Esta asombrosa argallada, que se presenta a través dun marco, está amparada por unha literatura explicativa duns cantos “ismos” decadentes. Toda esta literatura soa a responsos de R.I.P. dun enterro de terceira. Dá pena ver xunguidos a este cortexo fúnebre pintores de talento que, negando o seu eu, se deixaron enmarcar na ventá do suicidio¹²⁷.

125 · En CASTRO FERNÁNDEZ, X.A. et al. *Laxeiro, op. cit.* e CARUNCHO AMAT, L.M. *Laxeiro, op. cit.* inclúese como final de parágrafo: “Cantas veces nos dixeron que tal cadro era moi fermoso e despois vimos que era horrendo”. Frase que non aparece no manuscrito orixinal.

126 · Este parágrafo aparece tamén de forma independente co título “Sobre pintura (fragmentos, Pontevedra, 1972)” en CASTRO FERNÁNDEZ, X.A. *Laxeiro, 1934-1985...*, *op. cit.* e como texto independente titulado “Sobre pintura” en CARUNCHO AMAT, L.M. *Laxeiro, op. cit.*

127 · Este parágrafo está omitido en CASTRO FERNÁNDEZ, X.A. et al. *Laxeiro, op. cit.* e CARUNCHO AMAT, L.M. *Laxeiro, op. cit.*, pero si aparece no manuscrito orixinal. No seu lugar, nas dúas publicacións citadas, recóllese o que indicamos no texto 123.

Quero terminar esta pequena charla cun chamado aos pintores:

Pintores! Deixade libre o voso eu, cortade rapidamente as cordas con que vos manexan os barrigas verdes dos “ismos”, afastade da ventá do suicidio, non cantedes máis o himno macabro da nada.

Os marcos baleiros que se enchan de mundos soñados onde se recree ou sufra o voso eu. Mostrádevos no marco tal como sodes e xa veredes como todo cambia. Hai que liberarse da prédica dos conceptos destes masoquistas da posguerra. Hai que pintar coa alegría de vivir aínda que iso nos custe dor e bágoas.

Aos barrigas verdes que se alimentan da prea da morte temos que darlles as costas con valentía, mirando cara ao porvir, ás eternas primaveras que nos traerán novos seres e novas flores. Pintores! Poñamos na nosa obra a sinceridade do noso eu, só así seremos comprendidos e admirados polos que van substituírnos no inmenso escenario desta vida.

Que triste é órllle á xente nova e chea de vida estes razoamentos: “A min tanto me ten o mañá”. Pero aínda é máis tráxico cando así razoan, iracundos, pintores que se presentan a eles mesmos en panfletos e carteis como innovadores. E non falemos dos seus catálogos: teñen máis de propaganda de galán dunha película que dun catálogo dunha exposición de pintura¹²⁸.

Moitas veces vou pola rúa e teño a sensación de que a tempada de exposicións seméllase a unhas eleccións presidenciais. Nunca os pintores fixeron tanto dispendio de propaganda coma nesta época, e é tan grande a carga de carteis de distintas cores que pegan nas fachadas das casas, que estas convértense nunha lección efémera de cor e formas. E aí é onde un verdadeiro pintor atopa un pouco lume para quecerse. As salas de exposicións colgan, as máis das veces, cadáveres e un ten a sensación de que está percorrendo unha inmensa bóveda cos seus mortos numerados. E nas malas exposicións abundan os agasallos de ramos de flores das amizades, o que aínda lle dá máis ambiente de cemiterio.

128 · No manuscrito orixinal este parágrafo aparece nun recadro, cruzado cunha liña diagonal. Posiblemente foi desbotado polo autor na súa charla.